

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

O exame consta de 6 preguntas de 2,5 puntos cada unha, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 4**, combinadas como queira. O texto de referencia pode ser xornalístico ou literario.

TEXTO: “Falsos mitos sobre o cambio climático”

Numerosos grupos de presión invisten **centos de millóns de euros** todos os anos para contrarrestar a evidencia científica sobre a situación.

A ciencia do cambio climático ten máis de 150 anos e é, probablemente, a área máis estudada de todas cantas conforman a ciencia moderna. Con todo, a industria enerxética e os grupos de presión políticos, entre outros, levan 30 anos sementando a dúbida sobre o cambio climático onde non a hai. As últimas investigacións estiman que as cinco compañías petroleiras e de gas máis grandes do mundo dedican ao redor de 200 millóns de dólares ao ano ao mantemento de lobbies que controlan, atrasan ou impiden o desenvolvemento de políticas climáticas de obrigado cumprimento.

A **negación** organizada do cambio climático está contribuíndo ao estancamento na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) ata desembocar no estado de **emerxencia** climática global no que nos atopamos. Como consecuencia, que os negacionistas se vallan de certos mitos (no mellor dos casos, noticias falsas; no peor, descaradas mentiras) para desautorizar á ciencia do cambio climático pode facer que as persoas do común non saiban a que aterse. A continuación expoñemos dous destes mitos e as probas científicas que os **desacreditan**.

1. O cambio climático non é máis que unha parte do ciclo natural

O clima da Terra nunca deixou de cambiar, pero o estudo da paleoclimatoloxía ou, o que é o mesmo, os “climas antigos”, demostra que os cambios acontecidos **durante os últimos 150 anos** (desde o comezo da Revolución Industrial) non poden ser naturais pola súa excepcionalidade. (...)

2. Os cambios débense ás manchas solares ou aos raios cósmicos

As manchas solares son rexións da superficie da estrela que albergan unha intensa actividade magnética e poden ir acompañadas de erupcións solares. Aínda que estas manchas posúen a capacidade de modificar o clima da Terra, desde 1978 os científicos están usando sensores en satélites para obter un rexistro da enerxía solar que chega ao planeta e non observaron a existencia dunha tendencia ascendente, polo que non poden ser **a causa do quecemento global recente**.

Mark Maslin. *GCiencia*. 27/09/2019 (adaptación)

PREGUNTA 1. Comprensión do texto

1.1. Xustifique por que podemos afirmar que estamos ante un texto expositivo e asemade argumentativo. **(0,5 puntos)**

1.2. Elabore un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. **(1 punto)**

1.3. Explique o significado que teñen as seguintes palabras: “mito”, “negación”, “emerxencia”, “desacreditar”. Non son válidas as respostas só con sinónimos. **(1 punto)**

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

PREGUNTA 2. Lingua e gramática

- 2.1.** Segmente morfoloxicamente as seguintes palabras do texto e indique o valor de cada morfe-
ma: “invernadoiro”, “negacionista”, “desenvolvemento”, “solares”. **(1 punto)**
- 2.2.** Identifique a función sintáctica que desempeñan dentro da oración os catro fragmentos
subliñados no texto. Non é necesario que analice os seus compoñentes. **(1 punto)**
- 2.3.** Localice no texto dúas palabras nas que aparezan os mesmos fonemas que os subliñados nes-
tas: peixe e exame. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 3. Producción textual

- 3.** Redacte un texto, no que exprese a súa opinión sobre a cuestión do cambio climático. (Exten-
sión aprox. 200-250 palabras) **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 4. Lingua e sociedade. Escolla e desenvolva un dos dous apartados:

- 4.1.** Historia da normativización: a construción da variedade estándar, interferencias e desviacións
da norma. (Extensión aprox. 200-250 palabras) **(2,5 puntos)**
- 4.2.** Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. (Extensión aprox. 200-250
palabras) **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 5. Literatura. Escolla e desenvolva un dos dous apartados:

- 5.1.** A poesía das vangardas. Características, autores e obras representativas. (Extensión aprox.
400 palabras) **(2,5 puntos)**
- 5.2.** A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das
Festas Minervais. (Extensión aprox. 400 palabras) **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 6. Literatura. Escolla e desenvolva un dos dous apartados:

- 6.1.** O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos,
tendencias e compañías actuais máis relevantes. (Extensión aprox. 400 palabras) **(2,5 puntos)**
- 6.2.** A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tenden-
cias actuais máis relevantes. (Extensión aprox. 400 palabras) **(2,5 puntos)**